

NOTA INFORMATIVA PROCEDIMIENTO DE ADMISIÓN CURSO 2023-2024

Normativa reguladora:

[ORDE do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.](#)

[DECRETO 13/2022, do 3 de febreiro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.](#)

Postos escolares ofertados (vacantes):

1º ESO	35
2º ESO	32
3º ESO	11
4º ESO	41
1º Bach Ciencias	05
1º Bach Humanidades e CCSS	04
1º Bach Xeral	16
2º Bach Ciencias	03
2º Bach Humanidades e CCSS	29
2º Bach Xeral	25

Publicación da listaxe de alumnado con posto reservado: 22 de febreiro de 2023.

Prazo de presentación de solicitudes de admisión: do 1 ao 20 de marzo de 2023.

Nota informativa:

- Cada alumno/a só pode presentar una solicitude no centro no que pide praza no primeiro lugar. A infracción desta norma determinará a perda dos dereitos de prioridade.
- O alumnado ten garantía de permanencia no centro no que estea matriculado.
- De presentar solicitude de admisión noutro centro distinto ao que estea matriculado, deberá comunicalo ao centro de orixe.
- O alumnado que ten praza reservada nun centro, se presenta admisión noutro centro distinto, deberá comunicar a renuncia á reserva antes do inicio do prazo de solicitudes de admisión.

Prazo de presentación da documentación xustificativa dos criterios alegados para o baremo de haber máis solicitudes que prazas: do 21 de marzo ao 3 de abril de 2023.

Calendario publicación das listaxes:

Listaxes provisionais de admitidos e non admitidos: 25 de abril de 2023

Listaxes definitivas de admitidos e non admitidos: 15 de maio de 2023
(reclamacións: do 16 ao 23 de maio).

Prazo para formalizar a matrícula en ESO e BACH: do 23 de xuño ao 7 de xullo de 2023.

(Poderase interpoñer recurso de alzada ante o titular da Xefatura Territorial no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación. A súa resolución pon fin á vía administrativa).

Centros adscritos:

CEIP Graxal.

CEIP Portofaro.

CEIP Wenceslao Fernández Flórez.

Zona de influencia do Centro:

CEIP Plurilingüe Graxal

Dende a Nacional VI ao Paseo Marítimo incluíndo as seguintes rúas e prazas: Rúas Álvaro Cunqueiro, Ánxel Fole, Castelao, Celso Emilio Ferreiro, Constitución, Curros Enríquez, Eduardo Pondal, Emilia Pardo Bazán, Francisco Rodríguez, Luis Seoane, Praza Manuel Murguía, Paseo Marítimo, Padre Feijoo, Párroco M. Cobas, Pígara, Profesor Monasterio, Ramón Cabanillas, Rosalia de Castro, Teresa Herrera, Vicente Risco, os núm. impares da Costa da Tapia e a partir do número 32 todos os núm. pares da Costa da Tapia, Rúa do Estanque, Rúa Otero Pedraio, Praza de Miguel Ángel Blanco, Praza Fernando Buesa, Praza Uxío Novoneira, Praza Villa Concepción.

CEIP Portofaro

Dende a Urbanización A Barcala (inclusive todas as rúas e Rañoa) e marxe esquerda da rúa Lendoiro (en dirección Cambre ao Temple) ata a Costa da Tapia (os núm. pares ata o 30 inclusive) incluíndo as seguintes rúas e prazas: Rúa María Mariño, Francisco Añón, praza Manuel Lugrís, praza Manuel Leiras Pulpeiro, Rúa Polígono, Praza da Igrexa, rúa Temple, praza da Ría, Travesía da Igrexa, praza José Luis Caso, rúa as Rúas, Travesía da Coutelana, Rúa da Barcala, Rúa dos Muiños, Praza Eduardo Blanco Amor, rúa Antón Fraguas 3, Paseo dos Templarios.

Zona compartida entre os dous centros (CEIP Plurilingüe Graxal e CEIP Portofaro): rúa Estanque de Abaixo, rúa Abeleira, rúa Luis Pimentel, rúa Martín Codax, rúa Telleiro.

CEIP Wenceslao Fernández Flórez

Parroquias de Cambre, agás a Urbanización A Barcala, (dende a marxe dereita da rúa Lendoiro en dirección Cambre ao Temple), Cela, e lugar de Meixigo.

Servizos Complementarios que ofrece o centro:

Transporte

A normativa que regula este servizo é o Decreto 203/1986 do 12 de xuño.